

Técnica/o de comunicación externa e sensibilización
Secretaría Técnica
Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento

3 de marzo de 2010

INTRODUCCIÓN

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento conta cunha Secretaría Técnica definida como o órgano de execución das tarefas encomendadas pola Xunta Directiva. Na actualidade conta con dúas áreas de funcionamento: xestión e proxectos; e comunicación externa e sensibilización.

OBXECTIVO XERAL DO POSTO

En dependencia directa da Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD a súa principal función será a execución das liñas de traballo vencelladas á súa área contidas no Plan Estratégico 2009-2011 da Coordinadora e nos Plans anuais de actividades.

COMPETENCIAS

O posto require unha persoa con coñecemento do sector galego e español das ONGD, con alta capacidade de organización e planificación, así como para promover e dinamizar o traballo en equipo e para desenvolverse no traballo de estruturas en rede. Requírense habilidades de comunicación, negociación, iniciativa, flexibilidade e creatividade e con capacidade para as relacións humanas.

RESPONSABILIDADES

- *Comunicación externa:*
 - Actualización da páxina web da Coordinadora Galega de ONGD: www.galiciasolidaria.org
 - Coordinación e redacción de publicacións vencelladas á súa área e do boletín semestral Galicia Solidaria.
 - Relación con medios de comunicación.
 - Redacción de notas e comunicados de prensa.
 - Organización de roldas de prensa e outros eventos de comunicación.
- *Comunicación interna*
 - Redacción de circulares informativas electrónicas e postais.
 - Atención ás ONGD integradas na súa área.
- *Sensibilización*
 - Coordinación do deseño, seguimento e difusión da Campaña Pobreza Cero en Galicia.
- *Formación*
 - Organización de seminarios, cursos e xornadas de formación.
- *Traballo en rede e dinamización de comisións de traballo*
 - Apoiar e dinamizar ás Comisións de Traballo da Coordinadora Galega.
 - Articulación con outros sectores sociais: universidades, administracións, coordinadoras autonómicas e estatal, etc.
- *Xestión*
 - Seguimento orzamentario das actividades vencelladas á súa área.

PERFIL REQUIRIDO

- Licenciatura en Ciencias Sociais, Xornalismo ou similar
- Formación no eido da cooperación ao desenvolvemento ou experiencia asimilable.
- Experiencia en deseño e xestión de campañas de sensibilización, mobilización e/ou comunicación.
- Coñecementos e experiencia profesional e/ou voluntaria de alomenos 2 anos no sector das ONGD.
- Experiencia en planificación, coordinación, traballo en rede e por obxectivos.
- Coñecementos de informática a nivel usuario (Office, Internet)
- Nivel alto de galego en expresión oral e escrita (Imprescindible. Non se valorarán as solicitudes que non cumpran este requisito).

HABILIDADES REQUIRIDAS

- Alta capacidade de liderado participativo, de negociación e de motivación de equipos.
- Excelente capacidade de comunicación oral e escrita.
- Boa capacidade de análise e síntese.
- Facilitade de trato persoal.
- Iniciativa, creatividade e flexibilidade.
- Capacidade para traballar de xeito autónomo.
- Motivación pola solidariedade internacional.

VALORARASE

- Experiencia no deseño e posta en marcha de estratexias de comunicación.
- Experiencia no deseño e posta en marcha de campañas e/ou accións de sensibilización.
- Coñecementos demostrables sobre novas tecnoloxías da comunicación.
- Coñecementos demostrables sobre cooperación ao desenvolvemento, sensibilización e mobilización social.
- Experiencia na xestión e organización de seminarios, eventos, etc.
- Nivel alto de galego demostrable.
- Bo nivel de inglés.

CONDICIÓN LABORAIS

- Incorporación inmediata.
- Contrato por obra e servizo até 31 de decembro de 2011 con posibilidade de renovación.
- Salario bruto mensual: 1.428,58€ (con 14 pagas anuais).
- Xornada laboral: 39 horas semanais distribuídas de luns a venres.
- Convenio laboral de oficinas e despachos da Provincia de A Coruña.
- Posto de traballo ubicado na sede da Coordinadora Galega en Santiago de Compostela.

ENVÍO DE CURRÍCULUM

Aquelas persoas interesadas nesta convocatoria deben enviar o seu currículum vitae actualizado, indicando a referencia (**Ref: Comunicación**) **antes do 17 de marzo de 2010** ao seguinte enderezo electrónico: recursoshumanos@galiciasolidaria.org